



axudas á redacción de proxectos para rehabilitación ou nova vivendas unifamiliares que empreguen produtos de madeira como elementos estruturais.(IN 502D)

DOG 142 do 17/07/2020 Resolución 6/7/2020. axencia galega forestal.

DATA REMATE: 30/09/2020

Contía da Subvención:

Gastos dende 1 de xaneiro. Maximo 10% do orzamento execucion proxecto .Maximo 80% cun maximo de 16.000€

Beneficiarios:

Persoas físicas

- A edificación proxectada estará destinada a uso residencial unifamiliar.
- O proxecto de execución deberá estar asinado por un técnico competente e visado polo correspondente colexio profesional, en función da súa natureza.
- O proxecto de execución deberá recoller a realización total ou parcial da estrutura empregando produtos de madeira ou derivados da madeira.
- Os custos correspondentes aos produtos de madeira ou derivados da madeira (con ou sen finalidade estrutural) e á súa colocación, incluídos no proxecto de execución, suporán polo menos o 30 % do orzamento de execución material da vivenda.

Requisitos Beneficiarios:

- a) Executar a obra en Galicia en un prazo de 18 meses, contados desde a data de visado do proxecto de execución.
- B) Iniciar a construción de conformidade co establecido na lexislación e o planeamento urbanístico e logo de obtención da licenza urbanística.
- C) Comunicar a finalización da obra á Axencia Galega da Industria Forestal no prazo dun mes desde que esta tivesa lugar, conforme o establecido no artigo 22.
- d) No caso de non ser quen de executar a redacción do proxecto para o cal se concedeu a axuda, comunicar a renuncia á solicitude ou a axuda concedida no momento en que se produza a certeza da non execución e, en todo caso, sempre con anterioridade ao vencemento do prazo de xustificación.
- E) No caso de non ser quen de executar materialmente a obra no prazo de 18 meses contados desde a data de visado do proxecto de execución, comunicar a renuncia á solicitude ou á axuda concedida no momento en que se produza a certeza da non execución e, en todo caso, sempre con anterioridade ao vencemento do prazo establecido para a execución.